Podemos afirmar que difícilmente un Estudio de Detalle podrá tener un efecto significativo sobre el medio ambiente, posición que cualquier conocedor del sistema urbanístico podrá compartir. Ahora bien, el problema que al que tuvo que enfrentarse el Tribunal Constitucional es una simple cuestión competencial como hemos señalado anteriormente, y no la resuelve ni expresamente ni de forma satisfactoria.

Si el legislador autonómico puede determinar en una norma con rango de ley que la totalidad de los planes de una determinada categoría, los Estudios de Detalle, queden de antemano exentos de la obligación de someterse a la evaluación ambiental estratégica basándose en un criterio razonable, como es su objeto y la extensión del territorio sobre el que se proyectan, ello supone que la Ley 21/2013 invade las competencias autonómicas en su intento de uniformizar las leyes autonómicas. Y ello no se afirma expresamente. Pues bien, al caso que nos ocupa el artículo 46.2 LSG transcribe el art. 6 de la Ley 21/2013 sin mencionar los proyectos o programas concretos, debemos determinar la incidencia en el medio ambiente del instrumento de planeamiento que nos ocupa, a tal efecto cabe señalar que el presente, según se expone en el informe del arquitecto municipal de 21/06/22, el estudio de detalle no altera la ordenanza de aplicación señalada en el PERI, que es la Ordenanza de Solo Urbano Residencial de Edificación entre medianeiras (URME) das NN.SS.

A mayor abundamiento, debemos traer a colación la afirmación contenida en la página de la Consellería de Medio Ambiente Territorio y Vivienda que especifica el ámbito de



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

aplicación de la evaluación estratégica de planes y en la nota 4 dispone: *“Los estudios de detalle a los que hace referencia el artículo 79 de la Ley 2/2016 no se someten a evaluación ambiental estratégica.”*

Procedimiento: El procedimiento es el siguiente:

Concluido el período de información pública, sin que consten alegaciones presentadas, el Pleno del Ayuntamiento **aprobará definitivamente** el estudio de detalle, de conformidad con el artículo 22.2.c) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, que otorga a este órgano municipal la competencia para la aprobación, que ponga fin a la tramitación municipal, de los instrumentos de ordenación previstos en la Legislación urbanística, entre ellos, por tanto, de los estudios de detalle.

Una vez aprobado definitivamente, se notificará a los interesados y se publicará el Acuerdo de aprobación definitiva, en el plazo de un mes desde su adopción, en el Diario Oficial de Galicia, y el texto de los documentos que integran el estudio de detalle, así como el índice de planos del mismo en el Boletín Oficial de la Provincia.

El Acuerdo de aprobación definitiva se comunicará a la consellería competente en materia de urbanismo, a la vez que se le dará traslado de un ejemplar en soporte digital, debidamente diligenciado, para su inscripción en el Registro de Planeamiento Urbanístico de Galicia, en el plazo de un mes desde la fecha de la aprobación municipal. A partir de su recepción, se entenderá producida la solicitud de inscripción.

En el Anuncio de aprobación definitiva se hará constar la remisión de la documentación a la Consellería, ya que la inscripción en el Registro de Planeamiento será condición para la publicación y eficacia del acto de aprobación definitiva.

Visto cuanto antecede, se considera que el expediente ha seguido la tramitación establecida en la Legislación aplicable, procediendo su aprobación definitiva por el Pleno de este Ayuntamiento, de conformidad con lo previsto en el artículo 22.2.c) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.

Deberá elevarse la correspondiente propuesta para la aprobación definitiva del documento presentado el 21/11/25 (202599900010919) esto es, ESTUDIO DE DETALLE PARA EL REAJUSTE DE ALINEACIONES, EL AJUSTE DE RASANTES INTERIORES Y LA REORDENACIÓN DE VOLUMENES EDIFICABLES EN PARCELAS DE LA FASE 2 DEL PLAN PARCIAL ZAPATEIRA 1 para aprobación definitiva firmado por los arquitectos don Germán Barja Seijas, y doña Marta Felpeto Pereiras, versión de noviembre de 2025, a la COMISIÓN DE ASUNTO DEL PLENO.

El acuerdo que se adopte por el pleno deberá publicarse en el Diario Oficial de Galicia, y el texto de los documentos que lo integran, así como el índice de planos del estudio de detalle en el Boletín Oficial de la Provincia, con la notificación del acuerdo a los propietarios y demás interesados directamente afectados por el estudio de detalle, y la consiguiente



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

comunicación a la Consellería competente en materia de urbanismo, a la vez que se le da traslado de un ejemplar en soporte digital, debidamente diligenciado.

Contra el Acuerdo adoptado, en aplicación del artículo 112.3 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento administrativo Común de las Administraciones Públicas, y dado que aprueba una disposición de carácter general, podrá interponerse recurso contencioso-administrativo, ante la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia con sede en A Coruña, en el plazo de dos meses, a contar desde el día siguiente al de la recepción de la presente notificación, de conformidad con el artículo 46 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa. Todo ello sin perjuicio de que pueda interponer Vd. cualquier otro recurso que pudiera estimar más conveniente a su derecho.>>

POR TODO O EXPOSTO, PROPONSE AO CONCELLEIRO DE URBANISMO QUE, PREVIO DICTAME DA COMISIÓN DE ASUNTOS DO PLENO, ELEVE A SEGUINTE PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO:

PRIMEIRO. Aprobar definitivamente o ESTUDIO DE DETALLE PARA O REAXUSTE DE ALIÑACIÓNS, O AXUSTE DE RASANTES INTERIORES E A REORDENACIÓN DE VOLUMES EN PARCELAS DA FASE 2 DO PLAN PARCIAL "ZAPATEIRA 1", versión de novembro de 2025, con data ERC 21/11/25 (202599900010919 e 202599900010923)

SEGUNDO. Publicar a aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia, para os efectos do establecido no artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, con indicación expresa de que o contido íntegro do documento estará a disposición do público na sede electrónica do Concello de Arteixo (sede.arteiro.org). Esta publicación deberá realizarse no prazo dun mes desde a adopción da aprobación definitiva.

TERCEIRO. Comunicar o acordo de aprobación definitiva, en virtude do artigo 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, á consellería competente en materia de Urbanismo, para a súa inscrición no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, para o que se remitirá un exemplar en formato dixital, debidamente dilixenciado.

CUARTO.- Unha vez recibido o certificado de inscrición no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, publicar, no Boletín Oficial da provincia de A Coruña, o documento que conteña a normativa e as ordenanzas, de conformidade co disposto no artigo 82.3 da LSG.

QUINTO.- Notificar individualmente a aprobación definitiva do estudio de detalle a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados ás que xa se lles notificou a aprobación inicial do mesmo, de conformidade co artigo 186.4 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro. No obstante, vostede acordará o que estime pertinente (...)>>



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

POLO EXPOSTO, PROPÓNSELLE AO EXCMO CONCELLO EN PLENO:

PRIMEIRO. Aprobar definitivamente o ESTUDO DE DETALLE PARA O REAXUSTE DE ALIÑACIÓNS, O AXUSTE DE RASANTES INTERIORES E A REORDENACIÓN DE VOLUMES EN PARCELAS DA FASE 2 DO PLAN PARCIAL "ZAPATEIRA 1", versión de novembro de 2025, con data ERC 21/11/25 (202599900010919 e 202599900010923)

SEGUNDO. Publicar a aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia, para os efectos do establecido no artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, con indicación expresa de que o contido íntegro do documento estará a disposición do público na sede electrónica do Concello de Arteixo (sede.arteiro.org). Esta publicación deberá realizarse no prazo dun mes desde a adopción da aprobación definitiva.

TERCEIRO. Comunicar o acordo de aprobación definitiva, en virtude do artigo 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, á consellería competente en materia de Urbanismo, para a súa inscrición no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, para o que se remitirá un exemplar en formato dixital, debidamente dilixenciado.

CUARTO.- Unha vez recibido o certificado de inscrición no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, publicar, no Boletín Oficial da provincia de A Coruña, o documento que conteña a normativa e as ordenanzas, de conformidade co disposto no artigo 82.3 da LSG.

QUINTO.- Notificar individualmente a aprobación definitiva do estudo de detalle a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados ás que xa se lles notificou a aprobación inicial do mesmo, de conformidade co artigo 186.4 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro.

Con todo, a Corporación acordará o que estime pertinente.

Asina dixitalmente D. Luís Alberto Castro Calvete, Concelleiro Delegado en materia de Urbanismo. Por Decreto 1243/2025 de 08/05/2025."

Dase conta que obran no expediente os seguintes informes:

- Informe xurídico emitido pola Técnica de Administración Xeral, Dña. Virginia Pérez Torres, en data 15.12.2025, conformado polo Secretario Xeral, con CVD [REDACTED].
- Informe técnico emitido polo Xefe de Área de Urbanismo e Medio Ambiente, D. Pablo Martín Fernández Castro, en data 28.11.2025, con CVD [REDACTED]

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia, dase un turno de intervencións.

<<...>>



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

Non formulándose máis intervencións a Alcaldía-Presidencia, somete o asunto a votación.

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:

- 13 Grupo PARTIDO POPULAR
- 4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
- 2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Abstenciones:

- 1 Grupo NON ADSCRITOS

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por MAIORÍA DOS/AS PRESENTES, os acordos transcritos no ditame que se deixa reflectido.

5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INICIO DO EXPEDIENTE DE DEMARCACIÓN E DESLINDE DO TERMO MUNICIPAL DE ARTEIXO E A CORUÑA E DA PROPOSTA DE NOMEAMENTO DA COMISIÓN DE DESLINDE.- Dase conta ao Pleno da Corporación de que Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en sesión ordinaria celebrada o luns 26 de xaneiro de 2026, emitiu o seguinte **DITAME**:

“4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INICIO DO EXPEDIENTE DE DEMARCACIÓN E DESLINDE DO TERMO MUNICIPAL DE ARTEIXO E A CORUÑA E DA PROPOSTA DE NOMEAMENTO DA COMISIÓN DE DESLINDE.-

“Proposta de Acordo

EXPEDIENTE DE DESLINDE DOS TERMOS MUNICIPAIS DE ARTEIXO E A CORUÑA PROPOSTA DE INICIO DE EXPEDIENTE E NOMEAMENTO DE COMISIÓN DE DESLINDE

José Carlos Calvelo Martínez, Alcalde do Concello de Arteixo, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

Historicamente existiron notorias discrepancias entre a delimitación dos termos municipais do Concello de Arteixo e do Concello de A Coruña.

Coa finalidade de atallar esta situación, nos anos 1984; 2015 e 2017 o Pleno da Corporación de Arteixo acordou o inicio dos correspondentes expedientes de deslinde e o nomeamento da Comisión, sen que en ningún caso se chegara a resolver o expediente.

Consecuencia de tales discrepancias é a superposición dos instrumentos de planeamento

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteiro.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

xeral de ambos concellos ou a discrepancia entre os lindes territoriais identificados nos instrumentos de planeamento e a cartografía catastral.

Paralelamente, unha considerable superficie que na cartografía catastral pertence ao termo da Coruña ten o seu reflexo hipotecario no Rexistro da Propiedade de Arteixo. Estas discrepancias se estenden igualmente ao ámbito de prestacións de servizos públicos básicos (subministro e evacuación de auga ou recollida de lixo), e mesmo ao exercicio do dereito de sufraxio.

O resultado das discrepancias expostas dan lugar a unha considerable inseguridade xurídica, inseguridade especialmente notable naqueles eidos calificados como suelo urbano, tanto porque afecta á delimitación mesma da facultade de urbanizar e edificar coma á configuración do Dereito

Considerando o informe emitido polo arquitecto municipal con data de 20 de xaneiro de 2026 (CVD: [REDACTED]), así como o informe xurídico emitido polo Secretario Xeral, en data 22.01.2026 con CVD [REDACTED] e o disposto no artigo 17 do Real Decreto 1690/1986, de 11 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de Población y Demarcación Territorial de las Entidades Locales e artigo 42 da Lei de Administración Local de Galicia, **PROPOÑO** ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Iniciar expediente de deslinde dos termos municipais de Arteixo e A Coruña.

SEGUNDO: Crear a Comisión de deslinde dos termos municipais de Arteixo e A Coruña, que estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: José Carlos Calvelo Martínez, Alcalde do Concello de Arteixo.
- Vogais: Noelia Martínez Canosa (NA); Xurxo Couto Rodríguez (BNG) e representante a designar polo grupo municipal do PSdG-PSOE
- Secretario: José María Vázquez Pita, Secretario do Concello

Dita comisión aplicará o sistema de voto ponderado.

TERCEIRO.- Designar en representación dos veciños a:

Lino González Rodríguez

Antonio Hermida García

CUARTO.- Designar como perito do Concello de Arteixo ao arquitecto municipal Pablo Martínez Fernández Castro.

E para que así conste, asino o presente dixitalmente; O Alcalde"

**** Dase conta que obran no expediente os seguintes informes:**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteiro.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

- Informe técnico emitido polo Xefe de Área de Urbanismo e Medio Ambiente, D. Pablo Martín Fernández Castro, en data 20.01.2026 con CVD [REDACTED].
- Informe xurídico emitido polo Secretario Xeral, D. José María Vázquez Pita, en data 22.01.2026, con CVD [REDACTED].

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia, dase un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións a Alcaldía-Presidencia, somete o asunto a votación.

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:

- 13 Grupo PARTIDO POPULAR
- 4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
- 2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
- 1 Grupo NON ADSCRITOS

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por UNANIMIDADE DOS/AS PRESENTES, os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Iniciar expediente de deslinde dos termos municipais de Arteixo e A Coruña.

SEGUNDO: Crear a Comisión de deslinde dos termos municipais de Arteixo e A Coruña, que estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: José Carlos Calvelo Martínez, Alcalde do Concello de Arteixo.
- Vogais: Noelia Martínez Canosa; Xurxo Couto Rodríguez e Fernando Vázquez Martínez.
- Secretario: José María Vázquez Pita, Secretario do Concello

Dita comisión aplicará o sistema de voto ponderado.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteiro.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

TERCEIRO.- Designar en representación dos veciños a:

Lino González Rodríguez

Antonio Hermida García

CUARTO.- Designar como perito do Concello de Arteixo ao arquitecto municipal Pablo Martínez Fernández Castro.

6. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INICIO DO EXPEDIENTE DE DEMARCACIÓN E DESLINDE DO TERMO MUNICIPAL DE ARTEIXO E CULLEREDO E DA PROPOSTA DE NOMEAMENTO DA COMISIÓN DE DESLINDE.- Dase conta ao Pleno da Corporación de que a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en sesión ordinaria celebrada o luns 26 de xaneiro de 2026, emitiu o seguinte **DITAME**:

“5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INICIO DO EXPEDIENTE DE DEMARCACIÓN E DESLINDE DO TERMO MUNICIPAL DE ARTEIXO E CULLEREDO E DA PROPOSTA DE NOMEAMENTO DA COMISIÓN DE DESLINDE.-

“Proposta de Acordo

**EXPEDIENTE DE DESLINDE DOS TERMOS MUNICIPAIS DE ARTEIXO E CULLEREDO
PROPOSTA DE INICIO DE EXPEDIENTE E NOMEAMENTO DE COMISIÓN DE DESLINDE**

José Carlos Calvelo Martínez, Alcalde do Concello de Arteixo, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

Historicamente existiron notorias discrepancias entre a delimitación dos termos municipais do Concello de Arteixo e do Concello de Culleredo.

Coa finalidade de atallar esta situación, nos anos 1988 e 2017 o Pleno da Corporación de Arteixo acordou o inicio dos correspondentes expedientes de deslinde e o nomeamento da Comisión, sen que en ningún caso se chegara a resolver o expediente.

Consecuencia de tales discrepancias é a superposición dos instrumentos de planeamento xeral de ambos concellos ou a discrepancia entre os lindes territoriais identificados nos instrumentos de planeamento e a cartografía catastral.

O resultado das discrepancias expostas dan lugar a unha considerable inseguridade xurídica que afecta á delimitación mesma da facultade de urbanizar e edificar así coma á configuración do Dereito Fundamental de sufraxio activo o pasivo.

Considerando o informe emitido polo arquitecto municipal con data de 20 de xaneiro de 2026 (CVD: [REDACTED]), así como o informe emitido polo Secretario Xeral en data 26.01.2026 con CVD [REDACTED] e o disposto no artigo 17 do Real Decreto 1690/1986, de 11 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de Población y Demarcación Territorial de las Entidades Locales e artigo 42 da Lei de Administración Local de Galicia, PROPOÑO ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte ACORDO:



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

PRIMEIRO: Iniciar expediente de deslinde dos termos municipais de Arteixo e Culleredo.

SEGUNDO: Crear a Comisión de deslinde dos termos municipais de Arteixo e Culleredo, que estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: José Carlos Calvelo Martínez, Alcalde do Concello de Arteixo.
- Vogais: Noelia Martínez Canosa (NA); Raúl Fernández Iglesias (BNG) e representante a designar polo grupo municipal do PSdG-PSOE
- Secretario: José María Vázquez Pita, Secretario do Concello

Dita comisión aplicará o sistema de voto ponderado.

TERCEIRO.- Designar en representación dos veciños a:

Juan Manuel García Lorenzo

Ignacio Maceiras Caluete

CUARTO.- Designar como perito do Concello de Arteixo ao arquitecto municipal Pablo Martínez Fernández Castro.

E para que así conste, asino o presente dixitalmente; O Alcalde"

**** Dase conta que obran no expediente os seguintes informes:**

- Informe técnico emitido polo Xefe de Área de Urbanismo e Medio Ambiente, D. Pablo Martín Fernández Castro, en data 20.01.2026 con CVD [REDACTED].

- Informe xurídico emitido polo Secretario Xeral, D. José María Vázquez Pita, en data 26.01.2026, con CVD [REDACTED].

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia, dase un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións a Alcaldía-Presidencia, somete o asunto a votación.

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida."

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteiro.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

Votación:

Votos a favor:

- 13 Grupo PARTIDO POPULAR
- 4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
- 2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
- 1 Grupo NON ADSCRITOS

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por UNANIMIDADE DOS/AS PRESENTES, os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Iniciar expediente de deslinde dos termos municipais de Arteixo e Culleredo.

SEGUNDO: Crear a Comisión de deslinde dos termos municipais de Arteixo e Culleredo, que estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: José Carlos Calvelo Martínez, Alcalde do Concello de Arteixo.
- Vogais: Noelia Martínez Canosa; Raúl Fernández Iglesias e Martín Seco García.
- Secretario: José María Vázquez Pita, Secretario do Concello

Dita comisión aplicará o sistema de voto ponderado.

TERCEIRO.- Designar en representación dos veciños a:

Juan Manuel García Lorenzo

Ignacio Maceiras Caluete

CUARTO.- Designar como perito do Concello de Arteixo ao arquitecto municipal Pablo Martínez Fernández Castro.

7. APROBACIÓN INICIAL, SI PROCEDE, DE LA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE LOS SERVICIOS DE TRANSPORTE PÚBLICO DE PERSONAS EN VEHÍCULOS DE TURISMO.- Dase conta ao Pleno da Corporación de que Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en sesión ordinaria celebrada o luns 26 de xaneiro de 2026, emitiu o seguinte **DITAME:**

“10. ASUNTOS DE URXENCIA.-

10.1. APROBACIÓN INICIAL, SI PROCEDE, DE LA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE LOS SERVICIOS DE TRANSPORTE PÚBLICO DE PERSONAS EN VEHÍCULOS DE TURISMO.-

“PROCEDIMIENTO.- Elaboración y aprobación de ordenanzas y reglamentos

Expediente.- 2026/G013/000001

Proposta de aprobación provisional de Ordenanza Municipal Reguladora dos Servizos de Transporte Público de Persoas en Vehículos de Turismo

José María Sánchez Novo, Concelleiro delegado de persoal e seguridade cidadá, no

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteiro.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

exercicio das competencias delegadas pola Alcaldía na resolución 1243/2025, expoño:

A presente Ordenanza nace da necesidade de modernizar e adaptar a regulación do transporte público urbano de persoas en vehículos de turismo ás novas realidades sociais, tecnolóxicas e normativas. O marco regulador municipal vixente quedou superado pola promulgación da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, e o seu regulamento de desenvolvemento, o Decreto 103/2018, do 13 de setembro.

En consecuencia, este texto ten como obxectivo principal aliñar a normativa local co devandito marco autonómico, proporcionando unha contorna xurídica estable e predicible tanto para os operadores como para a cidadanía.

Asemade, e co gallo de facilitar a accesibilidade ao servizo polos usuarios, coma o seguimento e control polo Concello da efectiva prestación, abórdase a necesaria implantación de cauces telemáticos de contratación, que posibilitará a permanente conectividade do serviccio así coma a súa trazabilidade.

Unha vez tramitada a consulta pública previa prevista no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, segundo consta na certificación expedida polo secretario xeral con CVD [REDACTED], formulouse o proxecto de ordenanza, proxecto que foi informado favorablemente polo Secretario da Corporación con data de 26 de xaneiro de 2026.

Coa finalidade de impulsar a tramitación de esta necesaria actualización normativa, e considerando o informe xurídico emitido polo Secretario Xeral, en data 26.01.2026, con CVD [REDACTED], **PROPOÑO** ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar provisional a Ordenanza Municipal Reguladora dos Servizos de Transporte Público de Persoas en Vehículos de Turismo transcrita no ANEXO

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública de trinta días para a presentación de reclamacións e suxerencias mediante publicación de anuncio no BOP. No suposto de que no se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o presente acordo provisional.

ANEXO

Proposta de Ordenanza Municipal Reguladora dos Servizos de Transporte Público de Persoas en Vehículos de Turismo

TÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

CAPÍTULO I: Obxecto, Ámbito e Definicións

Artigo 1. Obxecto e Ámbito de Aplicación.

A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación do transporte público urbano de persoas en vehículos de turismo no termo municipal, que comprende tanto a modalidade de servizo de taxi como a de arrendamento de vehículos con condutor (VTC). O exercicio da potestade regulamentaria municipal fundaméntase nas competencias atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no marco específico establecido pola Lei 4/2013, do 30 de maio. De conformidade co Artigo 1 da devandita lei autonómica, o servizo de taxi declárase como un servizo público de interese xeral.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

Artigo 2. Definicións.

Para os efectos desta Ordenanza, os termos utilizados interpretaranse de conformidade coas seguintes definicións, extraídas do Artigo 2 da Lei 4/2013, do 30 de maio:

- * Vehículos de turismo: Os vehículos automóviles concibidos para o transporte de persoas, cunha capacidade igual ou inferior a nove prazas, incluída a persoa que o conduce.

- * Servizos de taxi: Transporte público e discrecional de persoas viaxeiras realizado por persoas físicas en vehículos de turismo que contan con signos distintivos de taxi e realízase por conta allea mediante retribución económica suxeita a tarifa e dispoñendo dos correspondentes títulos habilitantes para a prestación do servizo.

- * Actividade de arrendamento de vehículos con condutor: Transporte público e discrecional de persoas viaxeiras realizado por persoas físicas ou xurídicas en vehículos de turismo diferenciados pola súa calidade e especiais características, nas condicións que se especifican na lexislación aplicable.

- * Servizos urbanos: Os servizos de transporte público en vehículos de turismo que transcorren integramente polo termo municipal.

- * Servizos interurbanos: Todos os que non estean comprendidos na definición anterior.

- * Transporte público: Aquele transporte que se desenvolva por conta allea mediante retribución económica.

- * Titular: Persoa que dispón dos títulos habilitantes precisos para a prestación de servizos de transporte público de persoas en vehículos de turismo.

- * Condutor ou condutora de vehículos de turismo de transporte público de persoas: Persoa física que guía un vehículo de turismo dedicado á prestación dos servizos de taxi ou de arrendamento de vehículos con condutor, ben por ser titular dos títulos habilitantes requiridos na presente lei, ben por ser asalariado daquel, e que dispón do permiso de condución esixido na lexislación vixente e conta coa correspondente capacitación profesional que se estableza nas disposicións de desenvolvemento da presente lei.

Artigo 3. Supletoriedade Normativa. Para todo o non previsto na presente Ordenanza, será de aplicación supletoria o disposto na Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, o seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Decreto 103/2018, do 13 de setembro, a LOTT e a demais normativa estatal e autonómica que resulte de aplicación.

TÍTULO II: DO SERVIZO DE TAXI

CAPÍTULO I: Dos Títulos Habilitantes

Artigo 4. Títulos Habilitantes e Vinculación.

Para a prestación do servizo de taxi será requisito indispensable estar en posesión dunha licenza municipal outorgada por este Concello e da correspondente autorización interurbana expedida polo órgano competente da Xunta de Galicia. Conforme ao principio de vinculación establecido no Artigo 15 da Lei 4/2013, ambos os títulos están indisolublemente ligados, de tal forma que a suspensión, extinción ou calquera outra vicisitude que afecte a un deles conlevará automaticamente a do outro.

Artigo 5. Requisitos para a Titularidade.

De conformidade co Artigo 5 da Lei 4/2013, a titularidade das licenzas de taxi corresponde exclusivamente a persoas físicas que acrediten o cumprimento dos seguintes requisitos:

- Ter nacionalidade española ou dun Estado membro da Unión Europea ou doutro país estranxeiro no que, en virtude de acordos, tratados ou convenios internacionais subscribidos por España, non sexa esixible o requisito da nacionalidade ou contar coas



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

autorizacións ou permisos de traballo que, de conformidade co disposto na lexislación sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, resultar suficientes para a realización da actividade de transporte no seu propio nome.

- Acreditar a titularidade do vehículo de turismo en calquera réxime de utilización xuridicamente válido.
- Xustificar o cumprimento das obrigacións de carácter fiscal, laboral e social establecidas pola lexislación vixente.
- Acreditar o cumprimento dos requirimentos técnicos do vehículo de turismo que utilicen para a realización do transporte que sexan esixibles pola normativa vixente.
- Dispoñer da capacitación profesional que regulamentariamente poida establecerse para prestar servizos de taxi.
- Ter cuberta a responsabilidade civil polos danos que puidesen ocasionarse na prestación do servizo, segundo o disposto na normativa vixente.
- As disposicións de desenvolvemento da presente lei poderán establecer uns requisitos mínimos de capacitación profesional que virán determinados pola acreditación de coñecementos relativos á normativa aplicable ao servizo de taxi, itinerarios, competencia no uso das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia e, en xeral, sobre as necesidades para a adecuada atención ás persoas usuarias e a correcta prestación do servizo, así como para atender a persoas con algunha discapacidade física ou psíquica, limitacións sensoriais, mobilidade reducida e mulleres xestantes.
- Aqueloutros que se establezan regulamentariamente.

Artigo 6. Número de Licenzas.

O número máximo de licenzas de taxi no municipio determinarase aplicando a cociente por habitante establecida con carácter xeral no Artigo 6 da Lei 4/2013. O Concello poderá propoñer unha continxentación específica distinta, para o que deberá seguir o procedemento previsto no Artigo 7 da citada lei, que inclúe a elaboración dun estudo previo de mobilidade e a obtención dun informe preceptivo e vinculante do órgano competente da Xunta de Galicia.

Artigo 7. Adxudicación de Novas Licenzas.

O outorgamento de novas licenzas de taxi realizarase mediante concurso público, tramitado conforme o procedemento coordinado previsto no Artigo 16 da Lei 4/2013 e o Artigo 10 do Decreto 103/2018. Nas bases do concurso valoraranse preferentemente os criterios establecidos no Artigo 8.3 da Lei 4/2013, entre os que se inclúen a antigüidade como condutor de taxi, a dedicación previa á profesión e a adscrición dun vehículo adaptado para persoas con mobilidade reducida.

Artigo 8. Limitacións Cuantitativas por Titular.

Neste municipio, ao contar con menos de 100 licenzas, unha mesma persoa física non poderá ser titular de máis de 2 licenzas, de conformidade cos limiares establecidos no Artigo 9 da Lei 4/2013. Ademais a persoa titular da licenza terá plena e exclusiva dedicación á actividade de taxi.

Artigo 9. Transmisión de Licenzas.

A transmisión das licenzas, tanto inter vivos como mortis causa, requirirá autorización municipal previa e suxeitarase ás condicións, prazos e prohibicións establecidos no Artigo 17 da Lei 4/2013 e nos Artigos 11 e 12 do Decreto 103/2018. O adquirente deberá cumprir todos os requisitos esixidos para ser titular.

Artigo 10. Suspensión, Extinción e Visado de Licenzas.

1. As licenzas poderán ser suspendidas temporalmente polas causas xustificadas previstas

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteiro.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

no Artigo 11 da Lei 4/2013.

2. As licenzas extinguíranse por renuncia do titular, caducidade ou revogación, nos termos do Artigo 12 da Lei 4/2013.

3. A validez da licenza estará condicionada o seu visado periódico, que se realizará de forma coordinada co visado da autorización interurbana, co fin de constatar o mantemento dos requisitos esixidos, conforme o Artigo 18 da Lei 4/2013.

CAPÍTULO II: Dos Vehículos

Artigo 11. Características Xerais e Antigüidade.

Os vehículos adscritos ao servizo de taxi deberán cumprir as condicións técnicas de seguridade, confort e prestacións establecidas nos Artigos 24 e 25 da Lei 4/2013 e o Artigo 29 do Decreto 103/2018. En particular, deberán ter unha capacidade de ata sete prazas (ou ata nove se están adaptados para persoas con mobilidade reducida), un maletreiro coa capacidade mínima regulamentaria de 330 litros.

1. Os vehículos non poderán ter unha antigüidade superior a dous anos, contados desde a súa primeira matriculación, no momento de adscribirse aos títulos habilitantes, excepto no suposto de transmisión ou cando con antelación xa estivesen adscritos a outros títulos habilitantes.

Así mesmo, os vehículos adscritos aos títulos habilitantes non poderán ter unha antigüidade superior a dez, computados do mesmo xeito.

No caso de que o vehículo alcance estas antigüidades sen ser substituído por outro, declararase a caducidade dos correspondentes títulos habilitantes.

No caso de substitución, o novo vehículo deberá ter unha antigüidade inferior á do vehículo substituído, e ter en todo caso menos de 4 anos.

2. Os vehículos de máis de 7 prazas que, de conformidade co artigo 25.2 da Lei 4/2013, do 30 de maio, autorícense a partir da aprobación deste regulamento, deberán incorporar unha praza para o traslado de persoas en cadeira de rodas.

Artigo 12. Taxímetro e Indicadores Externos.

1. Será obrigatoria a instalación e correcto funcionamento dun aparello taxímetro debidamente homologado e verificado, así como dun módulo luminoso exterior que indique a dispoñibilidade do vehículo e a tarifa aplicable, en cumprimento do disposto no Artigo 41 da Lei 4/2013 e o Artigo 30 do Decreto 103/2018.

2. O aparello taxímetro entrará en funcionamento ao baixar a bandeira ou elemento electrónico

que a substitúa, no momento de acceso da persoa ou persoas usuarias ao vehículo. En ningún caso a realización de paradas intermedias supoñerá o reinicio do taxímetro ao retomarse o servizo; con todo, polo tempo de espera o transportista terá dereito ás percepcións que se poidan prever na tarifa aplicable a tal circunstancia.

Con todo, nos supostos de contratación por mediación de centrais de radiotaxi ou outros sistemas telemáticos equivalentes, ou a través dos teléfonos situados nas paradas de taxi do concello no que estea residencia a licenza, o servizo considerarase iniciado no lugar e no momento no que o vehículo recibe o encargo de prestar o servizo. En todo caso, o importe máximo do taxímetro no momento da recollida efectiva da persoa usuaria non poderá superar o importe correspondente ao mínimo establecido para o inicio do servizo. Nos servizos contratados mediante concertación previa aos que resulte de aplicación un importe fixo, no aparello taxímetro deberá constar a tarifa cero.

3. Ao chegar ao lugar do destino, a persoa condutora deberá poñer o contador en punto morto e, cumprido este requisito, indicarlle á persoa ou persoas usuarias o importe do servizo; no caso de que lle sexa requirido, entregaralles o recibo correspondente á viaxe realizada.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteiro.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

4. A persoa condutora deberá deter o funcionamento do aparello taxímetro no caso de que, durante o servizo, producísese calquera accidente ou avaría que o interrompese. Se non resultase posible continuar o servizo, o importe para satisfacer pola persoa usuaria non será superior á cantidade que marque o aparello taxímetro ata o momento do accidente ou avaría.

Artigo 13. Identificación e Imaxe do Vehículo.

Conforme o Artigo 27 da Lei 4/2013, os vehículos deberán estar claramente identificados. No exterior irán pintados de cor branca, na parte central das portas dianteiras un vinilo co escudo municipal e o número de licenza, e no interior un vinilo co número de licenza nun lugar visible e as tarifas vixentes. Ambos os vinilos serán facilitados polo Concello para a homoxeneización da imaxe do servizo de taxi.

Artigo 14. Publicidade nos vehículos

Para contratar e colocar anuncios publicitarios no interior e exterior dos vehículos, deberá solicitarse ao Concello a correspondente autorización indicando o contido, o formato, o lugar e modo de colocación do anuncio, así como o vehículo no que se vai a instalar e achegarse copia do contrato.

Non se autorizarán anuncios publicitarios de tabaco, bebidas alcohólicas, nin aqueles que poidan resultar contrarios aos criterios fixados pola Corporación. Queda prohibida así mesmo toda publicidade sexista ou que atente contra os dereitos das persoas.

A publicidade interior irá colocada no respaldo dos asentos dianteiros e os anuncios non serán fixos nin de adhesión directa, senón que dispoñerán dun soporte, a fin de que poidan ser colocados ou retirados, a decisión do titular da licenza.

A publicidade exterior poderá ir colocada na luneta traseira de forma que non prexudique a visibilidade do condutor a través do espello retrovisor interior do vehículo nin a visión dos distintivos de taxi desde o exterior. Así mesmo, poderá ir colocada nas portas traseiras ocupando a totalidade das mesmas, a porta non incluírá o cristal do portelo. Calquera outro tipo de publicidade distinta á aquí prevista poderá ser proposta polas Asociacións representativas do sector, estudada e informada e autorizada no seu caso polo Concello. Permitirá na parte posterior do vehículo colocar publicidade, no que se deixará un espazo reservado para colocar os adhesivos informativos do servizo que faciliten a utilización aos usuarios. Deberá respectarse en todo caso a imaxe unificada dos taxis que estableza o Concello.

Para que o Concello poida autorizar calquera tipo de publicidade nun vehículo é imprescindible que, tanto o titular da licenza como o vehículo, cumplan con todas as prescricións da presente Ordenanza.

POS+ 2024 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello		Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2026	817.135,92 €			817.135,92 €
	Achega 2025	866.659,31 €			866.659,31 €



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

B- INVESTIMENTOS	Achega 2026	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	Achega 2025	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
C- TOTAL	Achega 2026	817.135,92 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	817.135,92 €
	Achega 2025	866.659,31 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	866.659,31 €
	TOTAL	1.683.795,23 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	1.683.795,23 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2026 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2026)	(A) Orzamento contrata	(B) IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(C= A-B) Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
Reforzo de firmes en distintos viais do concello de Arteixo: CM-00052 y CM-00304, (De Vilarnovo a Armentón de arriba), CM-00196, CM-00390, CM-00243 (Rúa Bos Aires), Rúa Pedro Berruguete, Rúa Maizales.	307.290,39 €	0,00 €	307.290,39 €
TOTAIS	307.290,39 €	0,00 €	307.290,39 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten solicitadas as autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2026 Base, se a houbera, procedentes dos propios recursos presupostarios ordinario do concello ou de ingresos procedentes de operacións de crédito con entidades financeiras.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto incluído dentro do PLAN COMPLEMENTARIO con datos que se indican:



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO (Plan Complementario)	Reforzo de firmes en distintos viais do concello de Arteixo: CM-00052 y CM-00304, (De Vilarnovo a Armentón de arriba), CM-00196, CM-00390, CM-00243 (Rúa Bos Aires), Rúa Pedro Berruguete, Rúa Maizales.
ORZAMENTO DE CONTRATA DO INVESTIMENTO	307.290,39 €

Esta decisión de non dividir e lotes o obxecto do proxecto indicado está xustificada pola concurrencia dos seguintes motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017), e quedará debidamente xustificada no expediente de contratación, segundo o informes emitido polo Enxeñeiro Municipal:

-Informe emitido en data 23.01.26 do investimento "Reforzo de firmes en distintos viais do concello de Arteixo: CM-00052 y CM-00304, (De Vilarnovo a Armentón de arriba), CM-00196, CM-00390, CM-00243 (Rúa Bos Aires), Rúa Pedro Berruguete, Rúa Maizales." con CVD: [REDACTED] coa seguinte conclusión: "Á vista do exposto e tendo en conta a natureza da obra, considérase que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría innecesariamente dende o punto de vista técnico a correcta execución da obra e suporía un incremento de custos innecesario e indesexable, polo que a xuízo da que subscribe e segundo define o artigo 99.3.b da Lei 9/2017 de CSP, non se considera convinte a división en lotes."

9.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Asinado dixitalmente.- José-Manuel Caamaño Varela. Concelleiro de Obras (Decreto delegación 1243/2025 de data 08 de maio do 2025)

** Dase conta que obran no expediente os seguintes informes:

- Informe técnico emitido polo Enxeñeiro Municipal, D. Manuel Varela Mariño, en data 23.01.2026 con CVD [REDACTED].
- Informe técnico emitido polo Enxeñeiro Municipal, D. Manuel Varela Mariño, en data 23.01.2026 con CVD [REDACTED].
- Informe xurídico emitido polo Secretario Xeral, D. José María Vázquez Pita, en data 24.01.2026, con CVD [REDACTED].
- Informe técnico emitido pola Xefa de Sección de Proxectos, Dña. Sara Arias Chao, en data 23.01.2026, con CVD [REDACTED].
- Informe emitido polo Interventor Municipal, D. Rodolfo Alonso García, en data 14.01.2026, con CVD [REDACTED].

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia, sométese a votación a urxencia do asunto.

Votación da urxencia:

Votos a favor: UNANIMIDADE

Aprobada a urxencia, pola Alcaldía-Presidencia, dase un turno de intervencións.

<<...>>



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia, somete o asunto a votación.

Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:

- 13 Grupo PARTIDO POPULAR
- 4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
- 2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
- 1 Grupo NON ADSCRITOS

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por UNANIMIDADE DOS/AS PRESENTES, os acordos transcritos no ditame que se deixa reflectido.

9. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PARTICIPACIÓN NO “Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ADICIONAL 3/2026”, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.-
Dase conta ao Pleno da Corporación de que a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en sesión ordinaria celebrada o luns 26 de xaneiro de 2026, emitiu o seguinte **DITAME:**

“10. ASUNTOS DE URXENCIA.-

10.3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PARTICIPACIÓN NO “Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ADICIONAL 3/2026”, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.-

“Concellería de Obras.

Exp. 2026/A008/000002

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN AS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL - POS+ADICIONAL 3/2026

O Pleno da Deputación da Coruña con data 28 de novembro de 2025, aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025, no que se incluía o POS+Adicional 3/2026

As cantidades asignadas a este concello son las seguintes:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

ASIGNACIÓN POS+Adicional 3/2025	
Concello : Arteixo	
Redución débeda coa Deputación / Gasto corrente.	297.140,33 €

De acordo co establecido nas Bases Reguladores propónse a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ADICIONAL 3/2026"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes 2026	Asignación POS+Ad 3/2025 aplicada
Achega provincial aplicada ao financiamento de gasto correntes	297.140,33 €

2.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Asinado dixitalmente.- José-Manuel Caamaño Varela. Concelleiro de Obras (Decreto delegación 1243/2025 de data 08 de maio do 2025)."

** Dase conta que obra no expediente informe emitido polo Interventor Municipal, D. Rodolfo Alonso García, en data 14.01.2026, con CVD [REDACTED].

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia, sométese a votación a urxencia do asunto.

Votación da urxencia:

Votos a favor: UNANIMIDADE

Aprobada a urxencia, pola Alcaldía-Presidencia, dase un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia, somete o asunto a votación.

Votación:

<<...>>



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:

- 13 Grupo PARTIDO POPULAR
- 4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
- 2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
- 1 Grupo NON ADSCRITOS

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por UNANIMIDADE DOS/AS PRESENTES, os acordos transcritos no ditame que se deixa reflectido.

10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE REXEITAMENTO Á MODIFICACIÓN DA LEI DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALIZA (RE 2026.999.513 do 20.01.2026).-

Dase conta ao Pleno da Corporación de que a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en sesión ordinaria celebrada o luns 26 de xaneiro de 2026, emitiu o seguinte DITAME:

“6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE REXEITAMENTO Á MODIFICACIÓN DA LEI DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALIZA (RE 2026.999.513 do 20.01.2026).-

Dase conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG en data 20.01.2026 con rexistro de entrada nº 2026.999.513, co seguinte teor literal:

“



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

MOCIÓN DE REXEITAMENTO Á MODIFICACIÓN DA LEI DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALIZA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O próximo mes de maio de 2026 vanse cumprir dez anos da aprobación da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galiza, que naceu coa pretensión de ser a base normativa fundamental na que se recollese o compromiso de Galiza co seu basto patrimonio cultural e histórico.

Este texto legal xa viu a luz dunha forma precaria e, cando menos, mellorábel, xa que a lei desvirtuaba a lei precedente, tal e como argumentou o BNG na fase de tramitación parlamentaria: o PP propoñía unha nova lei que desgaleguizaba a lexislación galega, desprotexía o patrimonio cultural e representaba unha política de defunción do noso patrimonio cultural.

A lei de patrimonio foi modificada varias veces e na enésima modificación, a través da Lei de acompañamento dos orzamentos para 2026 preténdese unha “reforma para mellorar a xestión, axilizar os trámites e reforzar a implicación dos concellos na protección do patrimonio cultural”.

Na práctica, dez anos despois, lonxe de ampliar as competencias e operatividade efectiva por parte da Xunta, o PP foi baleirando a Lei de patrimonio cultural de contido, de capacidade executiva e operativa ao mesmo tempo.

Unha das consecuencias desta nova modificación é unha **delegación masiva de competencias nos concellos** nos ámbitos protexidos do patrimonio cultural, volvendo sobrecargar co peso de **máis competencias impropias**, a responsabilidade e a xestión nas administracións locais, que, por outra parte non teñen capacidade, medios, persoal especializado (arquitectos, arqueólogos...) nin recursos económicos para informar nin actuar no ámbito do patrimonio cultural. Isto terá como consecuencia que haxa unha total disparidade de criterios na aplicación da norma



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

nos diferentes concellos de Galiza e a consecuente desprotección do patrimonio de todas as galegas e galegos.

A delegación, como establecía inicialmente a lei, é exclusiva para concellos que cumpran cunha serie de condicións, sobre todo en canto ao persoal técnico suficiente en número e capacitación, mais a Xunta obvia este tema maior e obvia eses requisitos.

Máis unha vez, os concellos cargarán co peso orzamentario de persoal de asumir unhas competencias que lle son impropias e quen se verá afectado será o noso patrimonio e, por extensión, o conxunto da cidadanía.

O proceso de descrédito e baleirado da Lei de patrimonio cultural a través da renuncia do goberno da Xunta a xestionar as competencias exclusivas que lle son propias dá agora un novo paso adiante na desprotección do patrimonio cultural galego.

Neste contexto, no BNG consideramos que o Concello de Arteixo debe manifestar publicamente o seu rexeitamento á modificación da lei de patrimonio de Galiza, máxime na súa condición de referente na cultura castrexa e de residencia doutras infraestruturas patrimoniais tales coma a Ponte dos Brozos, Muíños...

Por estes motivos, o BNG propón ao Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Solicitar á Xunta de Galiza a retirada da modificación da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galiza que se recolle na Lei de acompañamento dos orzamentos de 2026.
2. Facultar á Alcaldía para tomar cantas medidas sexan necesarias para dar cumprimento a estes acordos.
3. Dar traslado desta moción a todas as forzas políticas representadas no Parlamento Galego.

“

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia, dase un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete a moción a votación.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteiro.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

Votación:

Votos a favor:

- 4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
- 2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
- 1 Grupo NON ADSCRITOS

Votos en contra:

- 13 Grupo PARTIDO POPULAR

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama, por MAIORÍA DOS/AS PRESENTES, rexeitada a moción.

** Abandona a sesión o Sr. Pena Sanmartín, concelleiro do grupo municipal do Partido Popular.

11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG NA DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA GALEGA (RE 2026.999.513 del 20.01.2026).- Dase conta ao Pleno da Corporación de que a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en sesión ordinaria celebrada o luns 26 de xaneiro de 2026, emitiu o seguinte DITAME:

7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG NA DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA GALEGA (RE 2026.999.513 del 20.01.2026).- Dase conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG en data 20.01.2026 con rexistro de entrada número 2026.999.513, co seguinte teor literal:

“

MOCIÓN NA DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA GALEGA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza do PP, leva anos empeñada na destrución sistemática do Sistema Sanitario Público Galego para abrir o camiño á súa privatización e crear así unha sanidade dual segundo o nivel de renda.

Este proceso, estase acelerando perigosamente co desmantelamento e as barreiras de acceso á Atención Primaria e o crecemento e falseamento das listas de agarda.

O SERGAS, desvíaa a miles de pacientes dos Hospitais Públicos aos Privados concertados e non concertados, aos que rega con centos de millóns do orzamento público, mentres crecen de maneira exponencial os Seguros Privados que, ademais de ser unha estafa, non resoven os problemas de saúde da poboación e xeran unha brecha de desigualdade social.

Esta política sanitaria da Xunta de Galiza pode definirse como inxusta e perversa pois beneficia a privada cos nosos impostos: hospitais, empresas multinacionais, fondos de investimento, laboratorios farmacéuticos, empresas que fabrican equipos tecnolóxicos, profesionais corruptos e a unha minoría de poboación privilexiada. Ademais prexudica á maioría da poboación, especialmente á infantil, persoas maiores, enfermos crónicos, embarazadas, etc. poñendo cada vez máis trabas para acceder a Centros de Saúde e Hospitais.

Por todo o exposto, desde este Concello, acordamos transmitir á Xunta de Galiza o noso rexeitamento a esta política sanitaria e manifestar que a poboación galega nunca vai permitir que se destrúa e privatice a súa Sanidade Pública.

Por outra banda e no referido ao noso municipio existe inscrita no Rexistro de Instalacións de Raios X con fins de diagnóstico médico creado pola Xunta de



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

Galiza, ademais das oito instalacións en activo na comarca, outras doce incorporadas dende a Xerencia de Atención Primaria entre elas a existente no Centro de Saúde de Arteixo (Ref. XG/C-1515). Parece pois axeitado que se dote a esta instalación de sala plomada, do equipamento portátil, ofrecido en diversas ocasións, para o seu funcionamento operativo, ademais do persoal preciso, infraestrutura que daría un servizo fundamental á veciñanza de Arteixo, ao tempo que aliviaría a situación de acumulación de pacientes no CHUAC.

Por estes motivos, o BNG propón ao Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Apoiar á convocatoria da Manifestación de SOS Sanidade Pública de Galiza, en Compostela o 1 de febreiro de 2026, ás 12 dende a Alameda.
2. Transmitir á Xunta de Galiza o noso rexeitamento a súa política sanitaria e manifestar que a poboación galega nunca vai permitir que se destrúa e privatice a súa Sanidade Pública.
3. Solicitar á Xunta de Galiza que se dote do equipamento e persoal preciso á Instalación de Raios X con fins de Diagnostico Médico inscrito no Rexistro de Instalacións creado pola Xunta de Galiza (Ref. XG/C-1515) sito no Centro de Saúde de Arteixo, para o seu correcto funcionamento como tal.

“

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia, dase un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:

1 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Abstenciones:

7 Grupo PARTIDO POPULAR

2 Grupo PARTIDO SOCIALISTA

1 Grupo NON ADSCRITOS



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida.

12. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA O IMPULSO DO COMERCIO DE PROXIMIDADE E O APOIO AO PEQUENO COMERCIO LOCAL (RE 202699900000558 del 21.01.2026).- Dase conta ao Pleno da Corporación de que a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en sesión ordinaria celebrada o luns 26 de xaneiro de 2026, emitiu o seguinte **DITAME**:

"8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA O IMPULSO DO COMERCIO DE PROXIMIDADE E O APOIO AO PEQUENO COMERCIO LOCAL (RE 202699900000558 del 21.01.2026).- Dase conta da moción presentada polo Grupo Municipal Socialista en data 21.01.2026, con número de rexistro de entrada 2026/999/558, co seguinte teor literal:

"

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O comercio de proximidade constitúe un dos piares fundamentais da vida económica e social dos nosos municipios. Representa un motor de emprego, unha fonte de cohesión e un elemento clave para manter barrios vivos, seguros e con identidade propia. A súa contribución vai máis aló da actividade económica: crea vínculos, fixa poboación, favorece a convivencia e garante un servizo próximo e de calidade á cidadanía.

Nos últimos anos, o pequeno comercio tivo que afrontar transformacións profundas: a dixitalización acelerada, o incremento do comercio electrónico, os cambios nos hábitos de consumo e as novas esixencias de competitividade.

O comercio minorista ten un peso decisivo na estrutura económica do país. Segundo a Enquisa de Poboación Activa, en 2023 o comercio minorista empregou a preto de 1,9 millóns de persoas, en torno ao 9 % do emprego total, e se se considera o conxunto do comercio e o seu impacto directo e indirecto, o sector xera aproximadamente o 14-15% do emprego en España. A práctica totalidade das



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

empresas do sector son pequenas: máis do 95 % teñen menos de 10 persoas empregadas e case a metade son microempresas sen asalariados.

Trátase, ademais, dun sector fortemente feminizado, tanto no emprego como no autoemprego, cun gran número de mulleres á fronte de pequenos comercios e unha participación feminina claramente maioritaria no comercio minorista en todo o país.

A importancia do comercio de proximidade tamén é territorial. En municipios pequenos garante servizos básicos e evita desprazamentos obrigados; en barrios con menor actividade comercial contribúe a manter o movemento nas rúas e a xerar vida de barrio; e nos centros urbanos axuda a manter rúas activas, favorece o tránsito peonil e achega vida cotiá ao espazo público.

O comercio de proximidade está igualmente vinculado a un modelo de cidade máis sostible. Reduce desprazamentos innecesarios, favorece un consumo máis consciente e alíñase coas estratexias europeas de proximidade e cidades a escala humana, como a "cidade dos 15 minutos", que recoñece ao comercio local como peza crave para dinamizar a economía e a vida dos barrios.

Neste contexto, o Goberno de España impulsou, a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, diversas liñas de financiamento destinadas a modernizar o comercio local. Entre elas destacan as axudas para a mellora de mercados municipais, a transformación de zonas comerciais urbanas e rurais, a renovación do espazo público vinculado ao comercio e os programas de dixitalización para PEMES e autónomos, como o Kit Dixital ou o novo Kit Consulting. Estas ferramentas permitiron a moitos concellos desenvolver proxectos de modernización e apoiar a pequenos negocios na súa adaptación a un mercado cada vez máis dixitalizado e competitivo.

Para consolidar estes avances, dar continuidade ás actuacións e ofrecer unha resposta coordinada aos desafíos actuais, é necesario reforzar o papel do Concello mediante un plan municipal estable que impulse o comercio de proximidade, apoie a súa transición dixital e promova un modelo de municipio máis equilibrado, sostible e próximo.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Arteixo presenta para o seu debate e aprobación a seguinte **MOCIÓN**:

A corporación municipal do concello de Arteixo insta ao grupo de goberno a:

1. Elaborar un **Plan Municipal de Impulso de economía urbana e de Comercio de proximidade**, que defina obxectivos, medidas e cronograma, e que inclúa accións nos ámbitos de modernización, dixitalización, formación, sustentabilidade, accesibilidade, dinamización comercial e mellora do espazo público. Este plan debe impulsarse desde unha perspectiva multidepartamental e incluírá criterios,



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

recomendacións e pautas de actuación que garantan a incorporación da perspectiva do comercio local en ámbitos como o urbanismo ou a mobilidade. O plan deberá elaborarse con participación do tecido comercial e das asociacións de comerciantes do municipio.

2. Desenvolver **campañas de sensibilización e promoción** do consumo local, especialmente en períodos de alta actividade (rebaixas de xaneiro e de verán, volta ao cole, Black Friday, Nadal,...), destacando o valor económico, social e comunitario do comercio de proximidade.

3. Estudar a implantación de **programas e proxectos de dinamización económica** que vinculen aos veciños co tecido comercial local, tales como programas de fidelización en rede, ferramentas dixitais de información e compra no comercio local, solucións lóxicas de entrega a domicilio para o tecido comercial local, ademais doutras actividades de promoción como feiras ou actividades culturais en zonas comerciais, mercados temáticos ou iniciativas de fidelización que incentiven o consumo local, priorizando sectores máis afectados por cambios no mercado.

4. Promover **programas emprendemento e de substitución comercial** a través de axudas directas para o pago do alugueiro na fase de inicio, así como a elaboración dun inventario de comercios dispostos a realizar un traspaso nos próximos anos e a definición dos procesos para poder conectar estes comercios con potenciais emprendedores.

5. Impulsar a **simplificación administrativa**, mediante a revisión de procedementos, taxas e requisitos, co propósito de facilitar a apertura, adaptación e continuidade dos pequenos comercios, así como promover **ferramentas dixitais** que axilien a relación co Concello.

6. Reforzar a **colaboración estable con asociacións de comerciantes**, dinamizando os espazos de participación (mesas sectoriais, consellos locais ou grupos de traballo) que permitan compartir necesidades, avaliar os avances do plan e mellorar a coordinación de accións públicas e privadas.

7. Promover a **modernización e revitalización de mercados municipais** e galerías comerciais, fomentando melloras en accesibilidade, eficiencia enerxética, dixitalización, dinamización interna e presenza institucional, de acordo con as necesidades e oportunidades de cada municipio.

8. Planificar a creación dun **maior número de prazas de aparcamento** nos lugares onde se desenvolve a actividade comercial do noso concello.

9. Dar traslado desta moción á Concellería competente en materia de comercio, ás asociacións de comerciantes do municipio e aos axentes económicos locais.

Deseguido, pola Alcaldía-Presidentencia, dase un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidentencia somete o asunto a votación.

Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida."

Deseguido, pola Alcaldía-Presidentencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteiro.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete a moción a votación.

Votación:

Votos a favor:

- 12 Grupo PARTIDO POPULAR
- 4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
- 2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
- 1 Grupo NON ADSCRITOS

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por UNANIMIDADE DOS/AS PRESENTES, os acordos transcritos na moción que se deixa reflectida.

13. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOLICITANDO O CUMPRIMENTO DA LEI NA XESTIÓN DAS COLONIAS FELINAS E FOMENTO D A CONVIVENCIA COAS MASCOTAS (RE 202699900000558 del 21.01.2026).- Dase conta ao Pleno da Corporación de que a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en sesión ordinaria celebrada o luns 26 de xaneiro de 2026, emitiu o seguinte **DITAME**:

"9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOLICITANDO O CUMPRIMENTO DA LEI NA XESTIÓN DAS COLONIAS FELINAS E FOMENTO D A CONVIVENCIA COAS MASCOTAS (RE 202699900000558 del 21.01.2026).- Dase conta da moción presentada polo grupo municipal socialista, en data 21.01.2026, con rexistro de entrada nº 2026/999/558, co seguinte teor literal:

"

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O fomento da convivencia veciñal e a limpeza e mantemento dos espazos públicos debora de ser unha prioridade para o noso goberno local. Nese ámbito o departamento de medioambiente e transversalmente outros do noso municipio terían que estar traballando na solución dos problemas que xorden da falla absoluta de xestión das colonias felinas, dos espazos públicos para as mascotas do noso municipio e o control da limpeza dos excrementos que se multiplican polas nosas vías públicas derivados de comportamentos incívicos dunha minoría de propietarios.

No verán do ano pasado o noso grupo presentaba un rogo pedindo que se fixese efectiva unha moción aprobada por unanimidade no **verán de 2022** que comprometía ao goberno local a levar a cabo un control das colonias felinas, unha xestión que é obrigatoria para os concellos segundo a lei de benestar animal do ano 2023 e que o concello de Arteixo incumpre pese a ter a disposición a directriz técnica para a xestión de ditas colonias que publicou o goberno do Estado co fin de orientar ás entidades locais para facelo baixo o método CER (Captura, Esterilización, Retorno).



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

Esta falla de xestión está a causar problemas entre a veciñanza pola aparición de novos individuos desta especie sen control, a aparición de animais mortos, a falla de alimentación e control sanitario das colonias e as actuacións sen coordinar por parte dunha veciñanza que actúa de boa fe pero lonxe do establecido pola lexislación e o coñecemento científico.

Outra das cuestións desatendidas polo goberno local é a creación de espazos para o lecer e paseo das mascotas do noso concello, un tema que foi presentado periodicamente polos grupos da oposición nos últimos 15 anos, que foi prometido no **ano 2014** polo goberno actual e que a día de hoxe segue a ser unha promesa incumprida, coa aparición de novas propostas que nunca chegan a ser realidade, uns espazos que deberan de estar localizados en lugares de fácil acceso para dar servizo real aos propietarios de ditos animais.

Nese mesmo ámbito seguimos sen ter unha actuación contundente do grupo de goberno polas múltiples aparicións de excrementos de mascotas en moitos núcleos urbanos do noso concello, uns excrementos que invaden as nosas beirarrúas e danan o mobiliario público e as fachas dos nosos edificios, xa no **ano 2023** o noso grupo recordaba a necesidade de actualizar as ordenanzas para esixir ademais da recollida dos excrementos a utilización de auga xabonosa para limpar os ouriños das mascotas en fachadas e mobiliario público e que se puxesen en funcionamento campañas de concienciación para a necesaria limpeza dos excrementos, chegando a multar aos propietarios que incivicamente incumpren as normas de convivencia.

Ademais sabemos que o concello incumpre dita ordenanza no relativo ao censo de animais de compañía, xa que ante a solicitude realizada no departamento de medioambiente dalgún veciño/a deste concello que desexaba censar ás súas mascotas, non recibiu resposta do departamento de medioambiente e só están censados as mascotas potencialmente perigosas.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Arteixo presenta para o seu debate e aprobación a seguinte **MOCIÓN**:

A corporación municipal do concello de Arteixo insta ao grupo de goberno a **poñer en marcha neste 2026** as seguintes medidas:

1. Un Plan de Xestión das Colonias Felinas que cumpra co establecido na lei de benestar animal (CER).
2. A instalación do primeiro parque canino do concello de Arteixo e a planificación doutros parques para as diferentes zonas urbanas do noso concello.



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

3. Actualizar a ordenanza reguladora de posesión e custodia de animais de compañía para esixir a limpeza dos ouriños das mascotas con auga xabonosa e o cumprimento de dita ordenanza creando o censo de animais de compañía
4. Unha campaña de concienciación sobre a limpeza dos excrementos das mascotas na vía pública e as multas que este comportamento incívico trae consigo, acompañada posteriormente polas actuacións disciplinarias dos nosos corpos de seguridade ante os/as propietarios/as de mascotas que non limpen ditos excrementos.

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia, dase un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete a moción a votación.

Votación:

Votos a favor:

- 12 Grupo PARTIDO POPULAR
- 4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
- 2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
- 1 Grupo NON ADSCRITOS

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por UNANIMIDADE DOS/AS PRESENTES, os acordos transcritos na moción que se deixa reflectida.

14. ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se da conta de ningún.

A) PARTE DE CONTROL.-

1. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS E BANDOS DITADOS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA E DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL.-

1) Dase conta dos Decretos:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

nº **3732/2025** ata o nº **3798 /2025** e nº **1/2026** ata o nº **162/2026**

2) e das **Actas de Xunta de Goberno Local:**

- Acta XGL Ordinaria do 11 de decembro do 2025
- Acta XGL Ordinaria do 23 de decembro do 2025

2. ROGOS E PREGUNTAS.-

Pregunta AV Situación licencia Gasolineira Q8 (RE 202699900000743 do 27.01.2026).-

PREGUNTA PLENO ORDINARIO:

Situación licencia Gasolineira Q8

EXPOSICIÓN:

No seu día, no ano 2019-2020, solicitamos a consulta do expediente relacionado coa construción dunha gasolineira á beira da AC-552, situada entre A Maceira e Vilarrodís. Logo de consultar o expediente en cuestión denunciámos en numerosas ocasións o proxecto que se pretendía desenvolver e a licencia concedida polo Concello, a cal asinou o señor Alberto Castro, concelleiro de Urbanismo do Concello de Arteixo naquel momento e que aínda o segue sendo a día de hoxe. Por certo, nomeado, amparado e apoiado en todo momento polo señor Carlos Calvelo. Isto despois de todo.

Pois ben, o Goberno Municipal do PP de Carlos Calvelo fixo caso omiso as nosas solicitudes e denuncias en relación co proxecto e coa licencia outorgada para a construción desta gasolineira.

O partido que eu representaba naquel momento enganounos e non presentou a demanda pertinente contra a licencia outorgada. Fixo o mesmo que no caso da parcela 24 do Polígono de Sabón, que tamén foi vendida ilegalmente polo Concello. Igualmente, aínda que nós non puidemos presentar a demanda a título persoal por non contar cos recursos necesarios para facelo, si o fixo unha asociación de empresarios logo das nosas denuncias nos medios públicos.

Nós fixemos o noso correspondente traballo de control e fiscalización ao equipo de Goberno, mesmo sen formar parte da corporación municipal. Fixemos o que corresponde facer, que non é outra cousa que denunciar as ilegalidades e as falcatuadas que algúns cometen e pretenden cometer día tras día. Por desgraza, isto non só acontece neste Concello, nin non só as leva a cabo gobernos do Partido Popular.

A gasolineira desenvolvida e en cuestión, a que agora o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia acáballe de tombar a licencia que lle fora concedida irregularmente no seu día polo Goberno Municipal do PP de Calvelo, foi promovida por Promociones Rúa Buenos Aires SL, para logo ser transferida a unha empresa controlada por “jeques árabes”.

O Goberno Municipal do Partido Popular de Carlos Calvelo en vez de atender e defender os intereses do municipio de Arteixo e do conxunto da veciñanza de Arteixo, dedícase a atender e a defender os intereses duns cantos empresarios ligados ao PP de Arteixo e, como consecuencia disto, logo danse situación como a da sentenza que acabamos de coñecer do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que tomba a licencia



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

concedida irregularmente á empresa Promociones Rúa Buenos Aires SL para a construción dunha gasoleira.

PREGUNTAMOS:

- Logo de coñecer a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que vai facer o Goberno Municipal en relación coa licencia de actividade da gasoleira Q8?
- Vai asumir algún membro do Goberno algunha responsabilidade pola concesión irregular desta licencia?

Pregunta NA Rotonda Urbanización Sol y Mar (RE 202699900000743 do 27.01.2026).-

PREGUNTA PLENO ORDINARIO:

Rotonda Urbanización Sol e Mar.

EXPOSICIÓN:

A rotonda situada fronte á Praza de Galán, na Urbanización de Sol e Mar, conta cun deseño e cunhas características inapropiadas atendendo ao pouco espazo e as reducidas medidas da calzada, o cal provoca que os camións, autobuses e vehículos de grandes dimensións se vexan obrigados a invadir a citada rotonda para poder circular pola mesma.

Esta situación provoca o deterioro e as lamentables condicións nas cales se atopa a rotonda en cuestión -principalmente en tempada de choivas-, ao mesmo tempo que tamén supón un perigo para os vehículos e para os viandantes.

PREGUNTAMOS:

- Poderían os membros do equipo de Goberno achegarse á Urbanización Sol e Mar para examinar a situación desta rotonda e logo estudar cos técnicos municipais a posibilidade de cambiar o deseño da mesma para facilitarlle a circulación aos vehículos máis longos e pesados e así evitar os graves problemas de circulación e seguridade que se veñen dando neste punto?

Pregunta NA Situación PXOM (RE 202699900000743 do 27.01.2026).-



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

PREGUNTA PLENO ORDINARIO:

Situación Plan Xeral de Ordenación Municipal.

EXPOSICIÓN:

Hai varios meses que non temos información da situación na que se atopa a redacción e elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal, e esta é unha pregunta reiterada por parte do noso grupo porque observamos que cada vez que preguntamos por un asunto tan importante, as resposta sempre é a mesma: "Estase traballando".

